

Son un libro, leme. De Vagelis Iliopoulos

Eu son un libro.
Ti es un libro.
Todos somos libros.

A historia que conto é a miña alma
e cada libro ten a súa propia.

Se cadra non nos parecemos en nada.
–hainos grandes, hainos pequenos,
hainos coloridos, outros en branco e negro,
hainos moi finos e outros moi grosos.

As nosas historias serán diferentes ou semellantes:
velaqui a nosa beleza.
Que aburrido se todos fosemos iguais!

Cada un de nós é único.
E merece ser respectado,
ser lido sen prexuízos,
ter o seu espazo, o seu andel.

Pode que constrúas unha opinión sobre min.
Pode que elixas cuestionar ou comentar o que les.

Pode que me devolvas á biblioteca,
ou talvez queiras terme preto na túa viaxe.

Pero xamais permitas que me tiren
nin que me manden cambiar de andel.
Non pidas nunca que me destrúan, nin deixes que outros o fagan.

E se un libro vai onda ti desde outro andel,
porque alguén ou algo o empurrase a iso,
faille un oco.
Ao teu lado, cabe.

Trata de sentir como se sente.
Compréndeo. Protéxeo.
Quizais esteas mañá na súa situación.

Pois ti tamén es un libro.
Todos somos libros.

Veña, dído moi alto para que se oia ben:

«Son un libro, leme»



Mensaxe para os nenos e as nenas do mundo

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL 2023 2023

Son un libro, leme



Soc un llibre, llegeix-me!
Liburu bat naiz, irakur nazazu.
Soy un libro, léeme.
Je suis un livre, lis-moi.
میں ایک کتاب ہوں۔ مجھے پڑھو۔
أنا كتاب إقراني

Sono un libro, leggimi.
Είμαι ένα βιβλίο, διάβασέ με.
我是书，等你来读

Ilustración: Photini Stephanidi



Photini Stephanidi (Atenas, Grecia, 1962). Artista e ilustradora. Completou os seus estudos de pintura e arte do fresco na Escola de Belas Artes de Atenas en 1986, onde foi alumna de artistas de sona mundial como Yannis Moralis e Dimitris Mitaras.

Desde 1988 expuxo a súa obra en vinte exposicións individuais, ademais de formar parte de numerosas exposicións colectivas de pintura, gravado e ilustración en Grecia e fóra do país.

As súas ilustracións forman parte de máis dun centenar de publicacións, incluíndo edicións de contos populares gregos, literatura e poesía, e converteuse en especialista na creación de edicións de coleccionista.

Ademais, é autora de dez libros. De entre os galardóns e recoñecementos ás súas ilustracións e gravados, cómpre destacar a Placa da Bienal de Ilustración de Bratislava (2001), o Premio Estatal de Ilustración de Grecia (2003, 2007 e 2011), a Pluma de Ouro na Bienal de Ilustradores de Belgrado (2005 e 2013) e Plaquette (2010), o premio a ilustradores que outorga a sección grega do IBBY (1995, 2005, 2011 e 2018), así como o Premio EBGE e unha mención en 2007 e 2013.

Stephanidi foi seleccionada pola sección grega do IBBY para o Premio Hans Christian Andersen e para o Astrid Lindgren Memorial Award (ALMA). Recentemente, foi receptora do premio de literatura xuvenil da sección grega do IBBY (2021).



Vagelis Iliopoulos (Atenas, Grecia, 1964). Estudou Pedagogía e Teoloxía na Universidade Nacional e Kapodistria de Atenas, e na actualidade dirixe un dos colexios de primaria privados máis prestixiosos da cidade.

Escribiu o seu primeiro libro infantil en 1995 e en 1997 publicou *O Trigonopsaroulis (O pequeno peixe triángulo)*. Este peixiño, que fala de tolerancia e comprensión, converteuse no maior heroe literario grego da actualidade. Desde entón, Vagelis escribiu numerosos libros para rapazada e mocidade. Traducíronse e publicáronse moitos deles en varios países, e recibiron galardóns como o Premio da sección grega do IBBY e o Premio Estatal de Literatura Infantil de Grecia. Tradutor de literatura infantil, tamén escribiu obras de teatro e guións cinematográficos.

Os seus libros seleccionáronse para a Lista de Honra do IBBY, para os Libros Destacados para Nenos con Necesidades Especiais do IBBY e para o catálogo White Ravens da International Youth Library. Vagelis participou en festivais literarios e feiras do libro internacionais, como o Festival de Literatura de Berlín, o Festival do Libro de Chipre ou o Festival Bankya en Bulgaria, entre outros.

Como activista no fomento da lectura e a promoción da literatura infantil escribe artigos, dá conferencias e organiza proxectos de lectura e campañas moi diversas en colexios e bibliotecas. Así mesmo, é profesor de escritura creativa. A Asociación Grega para a Saúde Psicosocial da Infancia e a Adolescencia nomeouno Mensaxeiro da Saúde Mental nas Escolas. Foi nominado para o Premio Hans Christian Andersen pola sección grega do IBBY e para o Astrid Lindgren Memorial Award (ALMA) pola sección chipriota do IBBY. IBBY Grecia proclamouno Embaixador do Libro Infantil Grego.